

BASES REGULADORAS RELATIVAS ÁS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO GAIÁS E SE CONVOQUEN PARA O ANO 2022 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CT898A).

Acta relativa á valoración de proxectos polo Tribunal de Valoración

Día e hora: Venres 16 de setembro de 2022 ás 10.00h

Lugar: Sala do Consello do Edificio CINC segundo andar, Monte Gaiás. Santiago de Compostela. A Coruña



Asistentes:

– Presidenta; María Pereira Otero. Directora de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

– Secretaria; Alba Lema Díaz, persoal do Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

– Vogais;

Artes Visuais; Semíramis González Fernández, xestora cultural, historiadora e comisaria de arte contemporánea española.

Artes Escénicas; María Dolores Correa Sobrido, artista escénica, creadora, docente, dramaturga e xestora cultural.

Artes Musicais; David Fiuza Souto, Titulado Superior en Clarinete e Dirección de Banda e Dirección de Orquestra e Coro. Actualmente e Director Titular da Banda Municipal de Santiago de Compostela e da Gran Canaria Wind Orchestra.

Deseño Uqui Permui Martínez, directora de arte, deseñadora gráfica galega e profesora asociada na Universidade de Santiago de Compostela.



En Santiago de Compostela, sendo ás 10:00 horas do día 16 de setembro de 2022, reunidas as persoas indicadas, de acordo coa convocatoria efectuada, procédese da seguinte maneira:

As persoas que forman parte do Tribunal de Valoración estudan o contido das solicitudes presentadas para seguidamente facer a puntuación de acordo cos criterios de valoración técnica e artística. Os proxectos presentados son os seguintes:



	NOME	APELIDOS	MODALIDADE
1	JOSE IGNACIO	REBORDA SANTAMARIA	ARTES VISUAIS
2	IGNACIO	MUÑOZ SOMOZA	ARTES MUSICAIS
3	THOMAS	APOSTOLOU	ARTES VISUAIS
4	VICTOR MANUEL	ARES CES	ARTES VISUAIS
5	MARGHERITA LUCIA	MORELLO	ARTES ESCÉNICAS
6	CHRISTIAN	GARCIA BELLO	ARTES VISUAIS
7	LAURA	PEREZ TABARES	ARTES VISUAIS
8	SOFIA	FERNANDEZ GONZALEZ	ARTES ESCÉNICAS
9	MARIA ANGELES	IGLESIAS LOPARDO	ARTES ESCÉNICAS
10	MARIA	BARCA PENSADO	ARTES VISUAIS
11	INES	RODRIGUEZ RODRIGUEZ	DESEÑO
12	XACOBE XURXO	MARTINEZ ANTELO	ARTES MUSICAIS
13	SERGIO	DÍAZ MAREY	ARTES VISUAIS
14	ELBA	PEDROSA RODRIGUEZ	ARTES ESCÉNICAS
15	LABORATORIO ESCENICO S COOP GALEGA		ARTES ESCÉNICAS
16	XOAN	CRESPO BERNARDEZ	ARTES VISUAIS
17	EDUARDO	FERNANDEZ PERAL	ARTES MUSICAIS
18	LARA	HURRIYET LOIS	ARTES VISUAIS
19	FELIX	FERNANDEZ FERNANDEZ	ARTES ESCÉNICAS
20	MARCO ANTONIO	COSTA MOREIRA	ARTES VISUAIS
21	MIGUEL	PONCE DE LEÓN MARTÍNEZ	ARTES ESCÉNICAS
22	MANUELA	RAMALHO	ARTES VISUAIS
23	NURIA	SOTELO RODRIGUEZ	ARTES VISUAIS
24	HUGO GUILHERME	PIRES PEREIRA	ARTES ESCÉNICAS
25	REBECA	LÓPEZ VILLAR	ARTES VISUAIS
26	DANIEL	GONZALEZ LAMOSO	ARTES ESCÉNICAS
27	LUIS MIGUEL	GIMENEZ GENDRE	ARTES ESCÉNICAS
28	SUSANA	GARRIDO POMBO	ARTES MUSICAIS
29	CARLOS	TOMICO PÉREZ	ARTES ESCÉNICAS
30	NOA	RODRIGUEZ MENDEZ	ARTES VISUAIS
31	JESUS	OTERO IGLESIAS	DESEÑO
32	OLIVER	ALONSO FERNANDEZ	ARTES VISUAIS
33	CARLOS	RODRIGUEZ MENDEZ	ARTES VISUAIS
34	AVELINO DAVID	FIDALGO OMIL	ARTES ESCÉNICAS
35	JULIA	HUETE IGLESIAS	ARTES VISUAIS
36	EVA	COMESAÑA SANROMÁN	ARTES ESCÉNICAS
37	CRISTINA	BALBOA RODRIGUEZ	ARTES ESCÉNICAS
38	PATRICIA	GOBERNA GARCÍA	ARTES MUSICAIS
39	JOSE ALBERTO	RODRIGUEZ BELLO	ARTES ESCÉNICAS
40	NOELIA	PAPIN ESTEVEZ	ARTES ESCÉNICAS
41	BENJAMIN	OTERO OTERO	ARTES VISUAIS
42	ANDREA	QUINTANA CAMIÑAS	ARTES ESCÉNICAS
43	LAURA MARIA	MENENDEZ SANCHEZ	ARTES VISUAIS
44	BRAIS	GONZALEZ PÉREZ	ARTES MUSICAIS
45	FRANCISCO JAVIER	BARCIA PEDREIRA	ARTES VISUAIS



46	MARIA CRISTINA	SANCHEZ LEGIDO	ARTES ESCÉNICAS
47	ROI	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	ARTES ESCÉNICAS
48	FERNANDO	BUIDE DEL REAL	ARTES MUSICAIS
49	RAQUEL	ALLER DOMINGUEZ	ARTES ESCÉNICAS
50	ROI	FERNÁNDEZ ALONSO	ARTES VISUAIS
51	ASOC CULTURAL VERTIXE		ARTES MUSICAIS
52	FRANCISCO XOSÉ	GORÍN MOREIRA	DESEÑO
53	JACOBO	BUGARIN OSORIO	ARTES VISUAIS
54	MARIA JOSE	PAMPANO LOPEZ	ARTES MUSICAIS
55	PABLO	RODRIGUEZ BARREIRO	ARTES VISUAIS
56	ROMAN	CORBATO PEREZ	ARTES VISUAIS

Á hora de avaliar os 56 proxectos presentados, cada persoa que forma parte do xurado achega a súa valoración individual de cada un deles. Faise a puntuación media e o resultado de todas as puntuacións, en orde de maior a menor, é a recollida a continuación:

	NOME	APELIDOS	MODALIDADE	A) Evaluación del concepto/ide a artística. Ata 45 puntos	B) Viabilidad de su materialización. Ata 30 puntos	C) Evaluación de la oportunidad artística para la trayectoria del artista o colectivo presentado. Ata 25 puntos	TOTAL
1	NOA	RODRIGUEZ MENDEZ	ARTES VISUAIS	40	27	23	90
2	IGNACIO	MUÑOZ SOMOZA	ARTES MUSICAIS	41	27	21	89
3	INES	RODRIGUEZ RODRIGUEZ	DESEÑO	40	28	19	87
4	MIGUEL	PONCE DE LEÓN MARTÍNEZ	ARTES ESCÉNICAS	37	26	22	85
5	JACOBO	BUGARIN OSORIO	ARTES VISUAIS	36	26	19	81
6	FERNANDO	BUIDE DEL REAL	ARTES MUSICAIS	36	25	19	80
7	ROI	FERNÁNDEZ ALONSO	ARTES VISUAIS	36	23	18	77
8	SUSANA	GARRIDO POMBO	ARTES MUSICAIS	32	23	20	75
9	MARIA JOSE	PAMPANO LOPEZ	ARTES MUSICAIS	33	24	16	73
10	CHRISTIAN	GARCIA BELLO	ARTES VISUAIS	34	22	16	72
11	CRISTINA	BALBOA RODRIGUEZ	ARTES ESCÉNICAS	28	24	19	71
12	BENJAMIN	OTERO OTERO	ARTES VISUAIS	32	22	17	71
13	ANDREA	QUINTANA CAMIÑAS	ARTES ESCÉNICAS	33	22	16	71



14	BRAIS	GONZALEZ PÉREZ	ARTES MUSICAIS	31	23	17	71
15	ASOC. CULTURAL VERTIXE		ARTES MUSICAIS	31	22	18	71
16	THOMAS	APOSTOLOU	ARTES VISUAIS	32	24	14	70
17	JULIA	HUETE IGLESIAS	ARTES VISUAIS	31	22	17	70
18	PABLO	RODRIGUEZ BARREIRO	ARTES VISUAIS	32	22	16	70
19	FELIX	FERNANDEZ FERNANDEZ	ARTES ESCÉNICAS	30	23	16	69
20	MARGHERITA LUCIA	MORELLO	ARTES ESCÉNICAS	29	23	16	68
21	NURIA	SOTELO RODRIGUEZ	ARTES VISUAIS	29	23	16	68
22	LAURA	PEREZ TABARES	ARTES VISUAIS	31	19	17	67
23	REBECA	LÓPEZ VILLAR	ARTES VISUAIS	26	23	18	67
24	EVA	COMESAÑA SANROMÁN	ARTES ESCÉNICAS	29	22	16	67
25	XACOBE XURXO	MARTINEZ ANTELO	ARTES MUSICAIS	28	22	15	65
26	MARIA CRISTINA	SANCHEZ LEGIDO	ARTES ESCÉNICAS	29	21	15	65
27	ROMAN	CORBATO PEREZ	ARTES VISUAIS	30	21	14	65
28	JOSE ALBERTO	RODRIGUEZ BELLO	ARTES ESCÉNICAS	28	21	15	64
29	HUGO GUILHERME	PIRES PEREIRA	ARTES ESCÉNICAS	26	21	16	63
30	OLIVER	ALONSO FERNANDEZ	ARTES VISUAIS	29	17	17	63
31	CARLOS	RODRIGUEZ MENDEZ	ARTES VISUAIS	28	19	16	63
32	PATRICIA	GOBERNA GARCÍA	ARTES MUSICAIS	32	16	15	63
33	CARLOS	TOMICO PÉREZ	ARTES ESCÉNICAS	26	21	15	62
34	MARIA ANGELES	IGLESIAS LOPARDO	ARTES ESCÉNICAS	26	20	14	60
35	LABORATORIO ESCENICO S COOP GALEGA		ARTES ESCÉNICAS	24	20	16	60
36	MANUELA	RAMALHO	ARTES VISUAIS	26	19	15	60
37	RAQUEL	ALLER DOMINGUEZ	ARTES ESCÉNICAS	28	16	16	60
38	FRANCISCO XOSÉ	GORÍN MOREIRA	DESEÑO	26	19	15	60



39	LUIS MIGUEL	GIMENEZ GENDRE	ARTES ESCÉNICAS	26	15	18	59
40	LAURA MARIA	MENENDEZ SANCHEZ	ARTES VISUAIS	25	19	15	59
41	FRANCISCO JAVIER	BARCIA PEDREIRA	ARTES VISUAIS	25	20	14	59
42	SOFIA	FERNANDEZ GONZALEZ	ARTES ESCÉNICAS	28	14	16	58
43	LARA	HURRIYET LOIS	ARTES VISUAIS	26	22	10	58
44	MARCO ANTONIO	COSTA MOREIRA	ARTES VISUAIS	27	16	15	58
45	DANIEL	GONZALEZ LAMOSO	ARTES ESCÉNICAS	25	18	15	58
46	ROI	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	ARTES ESCÉNICAS	26	18	14	58
47	NOELIA	PAPIN ESTEVEZ	ARTES ESCÉNICAS	25	16	15	56
48	SERGIO	DÍAZ MAREY	ARTES VISUAIS	21	19	15	55
49	AVELINO DAVID	FIDALGO OMIL	ARTES ESCÉNICAS	25	15	15	55
50	VICTOR MANUEL	ARES CES	ARTES VISUAIS	21	18	13	52
51	JESUS	OTERO IGLESIAS	DESEÑO	28	13	10	51
52	XOAN	CRESPO BERNARDEZ	ARTES VISUAIS	20	18	12	50
53	MARIA	BARCA PENSADO	ARTES VISUAIS	20	16	11	47
54	ELBA	PEDROSA RODRIGUEZ	ARTES ESCÉNICAS	18	16	13	47
55	EDUARDO	FERNANDEZ PERAL	ARTES MUSICAIS	18	11	14	43
56	JOSE IGNACIO	REBORDA SANTAMARIA	ARTES VISUAIS	17	16	8	41

O xurado acorda establecer catro tramos de avaliación en función das características a avaliar e segundo os criterios que figuran nas bases da convocatoria, sendo estes tramos os seguintes:

1. De 0 a 50 puntos.

O xurado considera que estes proxectos non cumpren co mínimo esixido para ser seleccionados.

2. De 51 a 64 puntos:

O xurado valora positivamente os proxectos presentados mais nalgúns dos apartados a valorar non acadan as características de orixinalidade, concreción e traxectoria artística esixida nesta convocatoria para outorgarlle as bolsas.



Os proxectos están argumentados pero na meirande parte deles existen eivas importantes nalgúns dos apartados a valorar ou ben non se consideran viables no contexto dunha residencia artística.

3. De 65 a 74 puntos:

Neste tramo de puntuación o xurado considera que os proxectos están ben argumentados, a orixinalidade e a calidade son maiores que no tramo anterior, mais hai apartados que, en comparación con outros proxectos presentados, poderían ser susceptibles de mellora a xuízo do xurado, como a súa viabilidade ou a oportunidade para a traxectoria da proposta.

4. De 75 a 100 puntos:

Neste tramo de puntuacións concéntranse 8 proxectos que segundo as puntuacións do xurado son os de máis valía artística e merecedores de acceder ás bolsas pola súa calidade, viabilidade e oportunidade para a visibilización da súa traxectoria artística.

Tras a deliberación, selecciónanse 4 proxectos dun xeito unánime por parte de todas as persoas que conforman o xurado para a concesión das bolsas de acordo coas valoracións que se recollen a continuación.

Valoración apartado **A) Avaliación do concepto/idea artística. 45 puntos.**

Na categoría de Artes Musicais, **Ignacio Muñoz Somoza** co seu proxecto "*COMPOSTELA IN-AUDITA. Meditacións sonoras urbanas*" consegue a máxima puntuación cun total de 41 punto. Presenta un proxecto multidisciplinar, xunto co artista visual Roi Fernández, que é novidoso, moderno e interesante, no que se considera a arquitectura como un elemento sonoro. O proxecto explora a nosa relación co territorio a través da súa paisaxe sonora, e de xeito transversal con outras disciplinas como: a antropoloxía, o urbanismo, a arquitectura, os espazos públicos a arte sonora, o videoarte, o walking art ou o patrimonio inmaterial e as artes urbanas ou a acústica.

O artista establece unha forte conexión entre a cidade propia de Santiago de Compostela e a innovación presente na Cidade da Cultura. Este proxecto implica 4 accións principais: un traballo de campo no que se escoita, se mapea e se graba o material audiovisual para conformar un filme; unha creación e composición do propio filme, na que se edita e organiza a información grabada; unha composición musical, na que se realiza unha creación sonora a partir dos diferentes sons; e a realización dun concerto.

Na categoría de Deseño, **Inés Rodríguez Rodríguez** co seu proxecto "*Refugallos. Deseño innovador de tecidos sostibles*" consegue un total de 40 puntos. Presenta un proxecto moi innovador a través do cal procura crear novos deseños con materiais de refugallo obtidos do leite, das follas de millo, de silvas, de algas..., fomentando así a idea de sostibilidade e aproveitamento de refugallos.

O seu traballo de investigación recolle a importancia do textil artesá de Galicia, creando novos materiais ecolóxicos e nalgúns casos biodegradable que permita aproveitar diferentes materiais naturais que actualmente son refugallos de diferentes sectores produtivos (agricultura, madeira..). Valóuse que é unha proposta que se desenvolve no rural de Galicia e que fusione artesanía e innovación, pensando en futuras aplicacións a outros sectores profesionais ou á industria.



Na categoría de Artes Visuais, **Noa Rodríguez Méndez** co seu proxecto “*Man Verde*” obtén un total de 40 puntos. Presenta un proxecto innovador, no que entrelaza a idea de tecnoloxía e natureza, e a posibilidade da participación directa do público nunha instalación inmersiva, mediante a realidade virtual e os elementos naturais presentes na mesma. Baixo o colectivo artístico denominado “Virtual R00ts” presentan unha instalación de realidade virtual formada por unha estrutura física cuberta de plantas e unha animación virtual interactiva. O colectivo traballa na corrente da Arte e Ciencia, no senso de que desenvolven metodoloxías de eidos moi diversos como a Neurociencia, o Big Data, a Bioloxía, a Intelixencia Artificial ou a Realidade Virtual co obxectivo de desenvolver pezas artísticas interactivas e performativas.

O seu proxecto é de moito interese e novidoso en Galicia, xa que procura a investigación nas novas tecnoloxías e a ciencia aplicadas ás artes visuais, e na súa proposta contéplase a colaboración con centros de investigación da Universidade da Santiago de Compostela vencellados ao paisaxismo, a ecoloxía e o deseño de novas tecnoloxías.

Na categoría de Artes Escénicas, **Miguel Ponce de León Martínez** co seu proxecto “*Z29.0*” obtén un total de 37 puntos. Presenta, xunto a compañía de nova creación Teatro et al., Tyler McKechnie e Jose Gregorio Vera, un proxecto interdisciplinario moi creativo e innovador que procura a visualización da saúde mental a través da escena. Contéplase o uso de técnicas de disciplinas como o teatro inmersivo, o performance, o circo, a danza, a instalacións, a música, o ilusionismo, a poesía e a neurociencia, dun xeito transversal.

Este proxecto consiste nunha investigación mediante a cal se explora a interconexión que existe entre o illamento, o trauma e a represión da memoria desde un punto de vista artístico. Para isto, primeiro creouse un texto dramático e logo, realízase unha exploración escénica sobre a temática. A unión destas dúas actividades, dará froito á peza escénica que será mostrada ao remate da residencia.

Valoración apartado **B) Viabilidade da súa materialización. 30 puntos.**

Na categoría de deseño, **Inés Rodríguez Rodríguez** co seu proxecto “*Refugallos*” consegue un total de 28 puntos.

O seu proxecto conta cunha metodoloxía seccionada da seguinte maneira: primeiro, realiza unha identificación dos materiais; logo, estuda os seus usos e como se poden integrar nun deseño textil funcional; a continuación, confecciona diferentes mostras ou prototipos aplicables a diferentes sectores; ademais, crea un informe sobre a obtención dos materiais, os procesos de tecido e manipulado e as diferentes técnicas empregadas; e finalmente, expón o seu traballo a través de fotografías do proceso e dun vídeo final.

O seu proxecto conta cunha concreción temporal de tres semanas. Tamén recolle no seu orzamento de maneira detallada os gastos de investigación e deseño de tecidos, os gastos de desprazamento, a toma de fotografías e montaxe de vídeo e a confección e impresión da memoria do traballo presentado, axustándose correctamente ao importe establecido nas bolsas REGA.

Na categoría de artes musicais, **Ignacio Muñoz Somoza** co seu proxecto “*COMPOSTELA IN-AUDITA*” outórgaselle un total de 27 puntos. O seu proxecto procura traballar sobre o entorno galego, dándolle o valor que realmente se merece a través da concreción do seu proxecto nunha peza sonora única.



Conta cunha concreción do calendario no que recolle a súa estada nun total de tres semanas e cinco días, nos cales realiza as diferentes accións principais recollidas no apartado anterior.

Este proxecto tamén conta cunha concreción orzamentaria, na que se detallan os gastos de desprazamento e da residencia, os gastos da creación audiovisual e os honorarios correspondentes ao concerto, axustando o mesmo ao establecido pola bolsa REGA.

Na categoría de artes visuais, **Noa Rodríguez Méndez** co seu proxecto "Man Verde" consegue un total de 27 puntos.

Conta cunha concreción do calendario no que recolle a súa estada nun total de seis semanas, nas cales distribúe o seu traballo da seguinte maneira: na primeira e segunda semana, realiza entrevistas, selecciona o material para a estrutura e desenvolve un prototipo de animación VR; na terceira e cuarta semana, constrúe a cúpula, leva a cabo o desenvolvemento da animación virtual e prepara as enquisas para obter información dos espectadores; e na quinta e sexta semana, inaugura a súa instalación, documenta as reaccións do público asistente, recolle opinións de expertos e investigadores sobre o resultado final da súa instalación e analiza e emite as primeiras conclusións sobre a súa obra.

En canto ao orzamento, recolle os gastos de adquisición de elementos naturais, materiais de construción da cúpula, das ferramentas tecnolóxicas e do equipo audiovisual necesario. O xurado valora que debe ser un pouco máis ambicioso, intentando completar o orzamento que propoñen as propias bases para poder aproveitalo ao máximo posible.

E na categoría de artes escénicas, **Miguel Ponce de León Martínez** co seu proxecto "Z29.0" consegue un total de 26 puntos.

Conta cunha concreción do calendario no que recolle a súa estada nun total de seis semanas, as cales estrutura da seguinte maneira: na primeira semana realiza unha familiarización co espazo; na segunda e terceira semana, investiga con obxectos e materiais; na cuarta e quinta semana, realiza unha investigación audiovisual; e na última semana, ensaia para perfeccionar a súa proposta.

Este proxecto conta tamén cun orzamento no que se reflicten os gastos de deseño de escenografía, de fabricación de escenografía, de materiais de traballo e vestuario, do uso de dispositivos audiovisuais, de xestións administrativas e de contratación de persoal e os gastos de transporte e dietas, axustándose o mesmo ao establecido pola bolsa REGA.

Valoración apartado **C) Avaliación da oportunidade artística para a traxectoria do artista ou colectivo presentado. 25 puntos.**

Na categoría de artes visuais, **Noa Rodríguez Méndez** co seu proxecto "Man Verde" consegue un total de 23 puntos. Este proxecto está presentado conxuntamente con Anna Stroe, ambas artistas son emerxentes. Aínda que contan cunha sólida formación no estranxeiro en materia de deseño, esta bolsa permítelles darse a coñecer no territorio de Galicia e referenciar a súa aposta polos vencellos de artes visuais, ciencia e tecnoloxía. Esta bolsa, permitirá a consolidación da súa formación no estranxeiro e un gran impulso para darse a coñecer máis no territorio nacional.

Na categoría de artes escénicas, **Miguel Ponce de León Martínez** co seu proxecto "Z29.0" consegue un total de 22 puntos. É un artista novo, emerxente, que está a iniciarse no



mundo da escena, polo que é importante ofrecerlle esta oportunidade. Por iso, esta bolsa proporciónalle a ocasión de materialización do seu proxecto e a posta en marcha do mesmo en boas condicións de desenvolvemento.

Na categoría de artes musicais, **Ignacio Muñoz Somoza** co seu proxecto "COMPOSTELA IN-AUDITA" consegue un total de 21 puntos. O seu proxecto abarca diferentes ámbitos da música, a antropoloxía, a xeografía, o patrimonio cultural, entre outros, e mediante a adquisición da bolsa permíteselle dar unha nova dimensión a súa traxectoria anterior. Con esta oportunidade facilítase a ocasión de desenvolver investigacións previas dun xeito estable e en boas condicións de desempeño.

E na categoría de deseño, **Inés Rodríguez Rodríguez** co seu proxecto "Refugallos" consegue un total de 21 punto. É unha persoa cunha gran traxectoria como artesá anteriormente, polo que necesita avanzar e abrir novos horizontes sobre o seu proxecto.

Esta bolsa permitiralle unha visibilidade moi importante da súa traxectoria anterior o que lle proporcionará a posibilidade de seguir investigando sobre o uso de novas materias orgánicas para realizar o deseño de tecidos implicados no sector téxtil.

Valorando todo o anterior, a puntuación total de cada proxecto elixido, sobre un total de 100 puntos é a seguinte:

NOME	PROXECTO	MODALIDADE	TOTAL
NOA RODRÍGUEZ MÉNDEZ	"MAN VERDE"	ARTES VISUAIS	90
IGNACIO MUÑOZ SOMOZA	"COMPOSTELA IN-AUDITA Meditacións sonoras urbanas"	ARTES MUSICAIS	89
INÉS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	"REFUGALLOS. Deseño innovador de tecidos sostibles"	DESEÑO	87
MIGUEL PONCE DE LEÓN MARTÍNEZ	"Z29.0"	ARTES ESCÉNICAS	85

Tendo en conta todo o anterior, a continuación sinálanse os proxectos presentados que se propoñen para as bolsas REGA 2022 son os seguintes:

ARTES MUSICAIS:	"COMPOSTELA IN-AUDITA" - Ignacio Muñoz Somoza
ARTES ESCÉNICAS:	"Z29.0" - Miguel Ponce de León Martínez
ARTES VISUAIS:	"Man Verde" - Noa Rodríguez Méndez
DESEÑO:	"Refugallos" - Inés Rodríguez Rodríguez

Remata a reunión sendo ás 12.50 horas do 16 de setembro de 2022.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Presidenta,

A Secretaria,

María Pereira Otero

Alba Lema Díaz

